

## “Cantiga Serea”, un namoro para Vigo entre desencontros

*Por Lalo Vázquez y Gil*

Preocupoume, sempre, o desencontro amoroso existente entre Pontevedra e Vigo, produto non só do tan sonado preito sobre a capitalidade da provincia -tan ben estudiado polo meu profesor Fernández Villamil e máis documentadamente polo Dr. Rodríguez Ennes, querido colega membro do I. E. V.-, senón tamén polos ciumes resultantes do diferente desenvolvemento e logros das dúas cidades.

Este preito tivo un posible arranxo ó se redactar a vixente Constitución. A creación das Autonomías, ou sexa, a nova distribución xeográfica e política- ó gusto dos deputados- crebando a división de 1836, baseouse en criterios moi discutibles, moi egoístas, moi históricos -ou non tanto- que non gustou á maior parte do pobo español o cal aprobou a Constitución pensando máis que nada nunha paz cidadá sen meditar fondamente no que lle ofertaban os lexisladores -os pais da patria e padriños das súas rexións históricas ou non-, que non se decataron de que estaban a poñer o ovo dos graves problemas do desguace hispano futuro, ou sexa: hoxe. ¿Non se transformaron provincias en Autonomías? (A Rioxa, Cantabria, Madrid, etc.) ¿Non se trasladaron provincias dunha a outra rexión, -a outra autonomía-, mesmo con protestas que silenciou a maioría lexislativa? ¿Non se rachou, ben ou mal, ou se desequilibrou a división anterior? ¿Como é posible que non aparecese ningún valedor que pedise e defendese a volta das cinco provincias que nun intre -ben histórico, por certo, este- se decretaron para Galicia: La Coruña, Lugo, Orense, Pontevedra e Vigo? ¿Ía, de terse conseguido, desmembrar máis a “plurilingüe, pluricultural e plurietcétera unidade” española? E ¿non habería así máis postos de traballo para os políticos, dito esto con toda a malicia que o pobo pon candoazona e non entende como é posible o milagre de manter economicamente dezasete administracións semellantes e a estatal?

Como sexa, a historia está aí e, de cando e cando, algún conspicuo vigués reclamaba a capitalidade para Vigo e o rancor medraba, se ben non moito. (Algún día haberá unha grande urbe dende Baiona ata máis alá de Pontevedra, inevitablemente).

Outras causas foron as disputas e campañas pola consecución do Lazareto, o ferrocarril, o simpático e inefable asunto do aviador Garnier, e outros pecata minuta. De calquera xeito o sangue non chega ó río –ás rías- e este encono relativo só medra algunha vez cando a Vigo lle denegan –“por non ser capital”-, algo que precisa solicitado ás altas instancias ou a Bela Helenes entende que pode danar o seu práctico, eficaz e tranquilo “dolce farniente”, que lle abonda, ou cando se enfrentan en competición deportiva os clubs R. C. Celta e Pontevedra F. C.

Houbo nembargantes emocionados actos de fraternidade, de recoñecemento de ámbalas dúas cidades como inseparables compañeiras que andarán xuntas ata a inexorable e anunciada unificación a pouco que suban os índices positivos da demografía e as comunicacións viarias. ¿Cantos nados en Pontevedra viven ou traballan en Vigo e ás avesas?

Mais a historia non se repite –pese ó que diga Spengler-, e aínda que se dean casos moi parecidos, o pasado pasado está, e hai que vivir o presente sen chovinismos. E xusto por eso, sempre que atopo algo que axude a unir máis as dúas cidades douno á luz de contado. (Así, louvei a creación, en Pontevedra, da Asociación de Amigos de Vigo.)

#### ACTOS DE CONFRATERNIDADE

E quero lembrar o 28 de marzo de 1880 cando unha selecta e nutrida excursión de pontevedreses veu a homenaxear ós da cidade da oliva cun grande festival artístico que celebraron no teatro de Velázquez Moreno –na Praza da Princesa-, con actuacións musicais de moita calidade a cargo do Orfeón pontevedrés, o violinista Román Pintos, a Orquesta Dourada, os nenos prodixio irmáns Benavente, etc.

Foi tal a acollida, que as localidades para o teatro tivéronse que sortear pois a demanda foi inusitada, non en vano Pontevedra ten recoñecido o seu amor e dedicación ó gozo da música.

Esta visita foi correspondida polos vigueses o 25 de abril do mesmo ano no que en dous vapores, “Moor” e “Vigo”, chegaron ós peiraos da Moureira onde foron recibidos polas autoridades e unha multitude amorosa de pontevedreses, a Banda de Música da Casa de Caridade que dirixía o mestre López Cartavio, a “compañía” de afeccionados que representou “Flor de un día”, corporativos municipais, prohombres, calificados xornalistas e os participantes no festival que na honra dos pontevedreses ía ter lugar.

“El Anunciador”, describiu con rigor e xusteza a emoción do reencontro e da “sesión teatral”, o éxito dos cantantes, solistas, señoritas; dos coros, das orquestas e das bandas dando mesmo os nomes de tódolos artistas cousa que tamén fixo o grande periodista vigués Luis Taboada na bela crónica que publicou en “La Ilustración Gallega y Asturiana”, do 8 de mayo de 1880, que recolle íntegra Xosé María Álvarez Blázquez en “Vigo en su Historia”.

Termina así, esperanzadamente, e ogallá o teñamos presente sempre pontevedreses e vigueses: “¡Plegue a Dios que en las demás ciudades de Galicia llegue a haber Autoridades, Corporaciones y pueblo que comprendiendo sus verdaderos intereses morales, imiten en un próximo día este patriótico y saludable ejemplo!”

E agora quero traer á actualidade unhas gratísimas manifestacións poéticas de Herminia Fariña, que non me gustaría que se perdesen e que son a xustificación de todo texto anterior que foi chegando quizais para complementar ou abundar nos desexos de unidade, respecto e amor das dúas cidades.

Remexendo nos meus papeis –humilde arquivo “para quedar na memoria das futuras xeracións”, segundo din os sabios conscientes de selo, libéreme Deus-, encontrei un folleto titulado “Cántiga serea nas festas de Vigo 1950”.

O achado cheoume de ledicia non só polo deleite da lectura senón porque me fixo retroceder a un tempo da miña mocidade e á lembranza daquela Pontevedra onde estudiei o bacharelato e tiven a sorte de coñecer e convivir algunhas tempadas coa impetuosa e preclara intelectualidade daquela culta e artística cidade, a “boa vila”. (“Fundote Teucro valiente, daquesta ría en la orilla, para que de España fueses de villas la maravilla”, reza inscrito en la fachada do seu Concello.)

E venne moi ben recordar –non matémo-la nostalxia- a figuras que admirei e das que fun discípulo, -sabéndoo ou non- e coetáneo -orgullosa hoxe-, de moitos deles. Cítoos a voa tecla e sentiría olvidar a algún: o gran mestre e polígrafo Filgueira Valverde, que non precisa adxectivacións; o arqueólogo e historiador Alfredo García Alén, o seu sucesor na dirección do Museo de Pontevedra, esa alfaya; Agustín Portela, extraordinario creador, gravador e debuxante –pai do arquitecto César-; D. Enrique Fernández Villamil, sabio profesor, arquivista, investigador e bibliotecario; Ramón Peña –curmán segundo meu-, pintor e debuxante de sona máis que nada en América, editor, publicista e profesor que ten rúa dedicada na cidade; a súa irmá Carmiña Peña Gil, docente de altísima categoría; D. Isidoro Millán, eminente avogado e escritor, proxenitor de sabios –non esaxero-; D. José Carbonell Alsina (CEA), -tío meu-, periodista e escritor que dirixiu en Vigo “La Garra”; D. Juan Serrano Marqués; -outro tío meu- profesor e músico que tamén dirixira, en Vigo, o coro da Sociedade “La Oliva”, tan de sona –claro-; D. Pedro Caba, novelista; Celso Emilio Ferreiro, o noso grande poeta, colaborador de Ramón Peña na súa obra editorial; os irmáns Álvarez Blázquez –poetas entre outras moitas cousas e Xosé Maria cronista de Vigo, antecesor meu, un dos que soñou co noso Instituto de Estudios Vigueses, hoxe realidade viva ben rexida-; acudían estes –como González Alegre, outro poeta vigués de amor- ás tertulias.moi a miúdo e publicaban libros na Colección “Benito Soto”, editada por Sabino Torres, poeta á súa vez, polifacético e inqueda promotor cultural, sempre, que era con Celso Emilio o mantedor desa simbiose pontevedresa-viguesa; Emilio Álvarez Negrera, escritor e poeta; Manuel Cuña Novás quen, co seu “Fabulario Novo”, abriu portas amplas á lírica galega; a poeta e dramaturga Aurora Vidal; Fermín Bouza Brey, que facía aparicións tamén; e pintores como o inmenso Laxeiro ou Rafael Alonso, un dos mellores acuarelistas de tódolos tempos; Pesqueira; Avelina Viñas, delicada pero forte diante dos seus cadros; o costumista Sobriño; Paisa Gil, gravador e pintor; o crego D. Luis Pintos, de quen eu recibín as primeiras gubias para entrar e quedar na escola linoleográfica da revista “Spes” da que logo formou parte o crego vigués Ramón Rodríguez Otero e o director-

fundador do Museo Etnográfico vigués, D Olimpio Liste, entre outros; o poeta e periodista Delestal; D. Antonio Odriozola, tan querido en Vigo, sabio bibliófilo, investigador e botánico e o seu colega o Sr. Font; e os musicólogos Padre Luis ou Iglesias Vilarelle e Pita Romero. Etc.

Todos eles, e os que esquezo, foron bos paradigmas para unha nutrida promoción de soñadores artísticos e conste a miña gratitude pois débolles a publicación dos meus primeiros gravados, debuxos e pinturas, versos e outros escritos na revista “Spes”, en “Sonata Gallega”, en “Ciudad”, etc. (E que ningún tome esto por inmodestia senón como desaforo sentimental nostálxico -¿excusable?-.)

## HERMINIA FARIÑA

E, como non, tamén estaba nese ramo de creadores Herminia Fariña, novo gromo lírico galego, que deixei para final pois dela é a mostra agarimosa que recollo.

Naceu Herminia Fariña y Cobián en Santiago de Compostela o 4 de abril de 1904, pero radicouse axiña en Pontevedra.

Poeta dende moi xove ós vinte anos publica “Cadencias”, libro de poemas editado en Pontevedra. Nesta mesma cidade, sae da imprenta de Celestino Peón, no 1924, “Seara”, versos en galego, con temas moi enxebres, moi románticos, sentimentais e tristes pero a súa poesía é modernista en metro e estilo. Os seus poemas acadan a honra de ser ilustrados por Pintos Fonseca e foron eloxiados por Carballo Calero, Couceiro Freijomil e outros críticos daquela..

Publicou máis tarde o drama “Margarita, a Malfadada” e “O soldado froita”, peza cómica esta, que tiveron unha boísima acollida,

Casada, no 1931 marchou a Bos Aires e alí escribe, en prosa, “Bajo el Cielo Porteño. Por España y para España” e colabora en varias revistas. Algún crítico coida que a súa estancia en América, privou de sustento galego a súa obra galega. Nembargantes entre os seus libros inéditos tiña un titulado “Doenzas e segredos”, do cal lerán logo un poema, escrito alén mar.

## “CÁNTIGA SEREA”


O folleto do que reproduzo os poemas é de tamaño cuarto, consta de portada e oito páxinas de texto e está editado na Imprenta A. Couceiro, da rúa pontevedresa Benito Camba, 4.

Na primeira páxina exprésase: “Mensaxe de Admiración (*sic*) nas festas de Vigo.- 1950” e na seguinte un texto de Ramón Peña, director de “Sonata Gallega”, revista de cultura e arte, exaltadora dos valores gallegos, belamente confeccionada, xustifica:

*Herminia Fariña, colaboradora de “SONATA GALLEGA”, autora de varios libros escritos en el idioma vernáculo, y otros en castellano, juzgada y consagrada por la más alta crítica de España y América, dedica estas tres emocionantes poe-*

sías del.preciado vergel de su lírica, como una ofrenda saudosa de su alma de mujer, en las grandes fiestas patronales que se celebran en la ciudad de Vigo.

Como Director de la revista gallega, deseo fervientemente a su bella «CÁNTIGA SEREA», el más feliz y lisonjero éxito.



Na páxina tres inicianse os poemas cunha das normas da grafía daquela época:

### ***Cántiga Serea***

*É o mes d' ardentía. Paisaxe luxurento.  
Dâ grôrea vê-los froitos como medran o sol;  
peiteo a cabeleira louira da miña filla,  
i-o ventiño dos cómaros trai salaios d' amor...*

*O meu carro baldeiro baixa pol-a congostra,  
e na campá de Lores x' as Ánemas voltou;  
na fonte da Curuxa palican as comadres  
i-o lugar arrecende a toxearas en frol.*

*O pan está logrado: Ten fartura a Seara;  
no adro silenxoso lé latins o Prior,  
as anduriñas voan dend' armida a Cabana,  
e troulan os rapaces sin lixos de delor.*

*Curóuse a miña mágoa... Fixen unha promesa;  
pelengrina na vispora por-os atallos vou;  
¡Santo Cristo de Vigo! O dos cravos i-a sangue,  
O dos olliños murchos, coa pena da Pasión.*

*A Ti vou, Santo Cristo, tranquíua e ledizosa,  
coa miña Fé alcendida dentro do corazón;  
a romaxe está lonxe... veira do auto mar  
d' ese mar milagreiro, gabanza da Nación.*

*Da hucha de castaño saca as millores galas  
e xa espida con elas, rebrinco d' ilusión.  
(No espello do regato olleime con trishura,  
¡lembrando-a mocidade que fai tempo pasou!)*

*Cai soma na montana. Os merlos enloitados  
denda ponla d' un albre asubian canciós:  
pol-os cámiños áspr' os chego en voto a cibdade  
onde a bondá m' agarda, do Cristo do Perdón.*

*O que atesoura lendas da Raza d' emigrantes,  
e sabe os seus adioses e das queixas d' amor...  
¡Cristo dos mariñeiros, Pai de probes e ricos  
o das feridas tráxicas e d' amarelo coor!*

*(Sonado en todos Pobos d' a fermosa Galiza,  
e d' este nobre Vigo, seu amado Patrón)*

*A verde pandeirada d' a lírica dos agros  
na oferta do meu cirio, a'os vasos pes Señor,  
e nas dornas d' Ensono dos céltigos xuglares,  
orvallos e alalases dos fidalgos terróns.*

Do meu libro inédito  
«Doenzas e Segredos»

### ***Vuelo de Rosas***

*Abí van mis versos libres con olor de resinas,  
con vestidos de brétema de céltigos telares,  
bordados de "aturujos" y soles marineros,  
con mazorcas y tréboles y moras de zarzales.*

*Igual que los luceros también son vagabundos,  
y bailan en las eras y duermen soledades,  
y lloran en los "foles" y rezan por las cumbres,  
y tienen amoríos al pié de los casales.*

*Abí van mis versos rústicos con tierras labradías,  
con incienso y latines de viejas catedrales,  
con musgo de átrios tristes de remotas aldeas  
y místicos silencios de los pardos sayales.*

*Abi van todos en fiesta para el Cristo de Vigo;  
Cristo de la Victoria, que desde sus altares,  
ban de ser como cirios que alumbren el milagro  
de una Fé que es la vida de albas Eternidades.*

*¡Cristo de la Victoria! ¡El de los afligidos!  
el de las novias castas y los nobles galanes,  
el del consuelo plácido para los moribundos,  
el de secretos hondos e imposibles afanes!*

*Cristo de la Victoria, el que bendice al pueblo  
y oye la despedida del que deja sus lares;  
¡Te ofrendo la riqueza que pusiste en mi mente!  
mi estrella de poesía fulgurando raudales...*

*(¡A tus divinas plantas van mis huertos de Ensueños,  
¡con raíces de penas y bosques de rosales!)*

De mi libro inédito  
«Idilios, Pesadumbres y Mazorcas»

### **Romance Breve**

*Mar de Vigo, rumoroso, ancho y azul  
y sereno;  
anclan en tus aguas ricas  
buques de todos los puertos.  
Tú conoces los arcanos, los afanes y las luchas  
y el dolor aventurero,  
de una raza de emigrantes  
que van donde el sol se pone  
y a veces tornan rendidos desengaños  
y viejos,  
solo por verte, y ungirlos  
de tu gracia de evangelios.  
Mar de Vigo, Mar de Vigo  
el de los barcos de luces,  
gaviotas, espumas, remos,  
olas de encajes; hermosura  
de tu confín de misterios;  
yo también en una tarde  
pálida de crisantemos  
llegué a tí,  
y mi corazón, -ternura, inquietud y verso-  
se ha desposado contigo  
ansioso  
de tus chasquidos de ensueños...  
(Y fui dormida en la bruma  
sobre un tálamo de pétalos.)  
Desde entonces, mar de Vigo,  
se me prendió tu recuerdo  
por los rosales del alma;  
y sin verte, siento  
por toda mi vida  
un erial de destierro...  
Mar de Vigo rumoroso,  
el del romántico puerto...  
¡Quien no te haya visto nunca  
no podrá entrar en el cielo!*

Nestes poemas, Herminia Fariña segue fiel á dozura e ixenuidade que a caracteriza e á súa fonda fe relixiosa pero sobre todo eu destacaríaa o seu afecto a Vigo; amor que pecha nesa invocación ó Cristo e descripciúns do mar ó que cá-seque deífica.

E curioso ver como no primeiro dos poemas – “Cántiga serea”-, cae tamén nese erro de tantos foráneos e vigueses de chamar ó Cristo da Victoria patrón da cidade non séndoo. A cidade ten patrona, a Virxe da Asunción que se celebra o



día 15 de agosto, advocación da parroquial –Santa María-, a “Colexiata” antiga, hoxe Concatedral da diocese Tui-Vigo. Certo cronista, con humor, dixo algunha vez, parodiando o dito tópico, que “onde hai Patrona non manda mariñeiro”, por aquilo de que o Cristo da Victoria, segundo a lenda veu polo mar, recollido das ondas por un barco salineiro. (Este considerar ó Cristo da Victori, patrón é un dos lóxicos mitos tradicionais como o de adxudicar ó seu nome o apelativo “da Victoria” pola que en 1809 se produciu contra os franceses na chamada Reonquista. O Cristo chamábase así dende moito antes. E non imos a esperar que a poeta soubera máis que os propios vigueses “errados”. (Erro este que se repetiu moito, porque algúns escritores copiábanse uns ós outros nas súas crónicas máis ou menos históricas publicadas en cada aniversario ou festa.)

Hai tamén que coidar de non facer unha gran crítica sobre o galego e a gramática de Herminia Fariña. Daquela estíbese tentando de novo revitalizar a nosa lingua que aínda non estaba normalizada nin normativizada e hai que agradecer a Herminia o seu esforzo como os de tantos credores deses tempos e a Ramón Peña proclamar no seu texto “idioma vernáculo” ó galego no ano 1950. Nembargantes, hoxe pese ó Decreto 173/1982 de 17 de novembro que normativizaba a lingua galega, grupos de francotiradores de diferentes correntes seguen a facer o que lles peta esfarelando a lingua. E o máis triste é que ás veces son quen máis protestan pedindo a extensión e uso obrigatorio do idioma galego. ¿Cal?

Quede aquí o valor emotivo destes namoros de Herminia Fariña, amosas do seu afecto a Vigo.

E ogallá comece, sen tempo non é, a cumprirse o desexo expresado por Luis Taboada na crónica da viaxe fraterna de vigueses a Pontevedra. Amén.



VARIA